
ASPIRACIÓNS DUN RAPAZ: ¿QUE TEÑES PENSADO SER DE MAIOR?

De maior tamén pensado ser abogado, xa que no gusta d' camiño da xusticia, mais ben, ainda non o teñen moi decidido, xa que teria que perder a xuventude diante dos libros. O que máis me desagrada dese oficio é a má fama que teñen os abogados. Xente do meu pobo di que os abogados viven das descoñidades e dos engañados e que un labrego entre dous abogados é como un peixe entre dous gatos.

Coido que ainda é cedo para saber que camiño has de tomar. O choio que me tería enciolado inda está por inventar. O millor sería vivir na folganza e esquecerse dos estudos dunha vez, xa que canto máis sabes máis esqueces e entón canto máis esqueces menos sabes, daquela, para que estudar? O que eu sei é que hai fámentos que discurren máis que dez abogados. Do que non nos debemos esquecer é de que todos estamos destinados a ser algo nesta vida no que sempre houbo tentos e listos e ricos e pobres, entón sempre haborá xente que non tivo sorte é que non por éso é ruín.

Sería moi bonito ter unha grande voz e cantar a todas as xentes do mundo sin distinción, e gratis se se poidera. Porque a voz é un dón de Deus que en calquier momento cha pode quitar e todo o sene dourado esvace-se.

De pequeniño tiña pensado ser médico pero dei-me conta da grande responsabilidade que este tiña xa que no que o médico erra, cubre-cho a terra. O que eu quería era un oficio tranquilo como cesar cunha rica q., e ademais pose tonta ou ser un santiño de pan. Este último non da para comer, pero si para estar en gracia de Deus porque o que é verdade é que dispois de morto para nada valen a viña e o horto.

A PAIXASE GALEGA

En Galiza pódese respirar un frescor e unha pureza sumamente agradábeis. Na Galiza da-se todo tipo de formas xeográficas: o monte e o mar, principais factores da paixase en Galiza cuns determinados caracteres que diferenzan ben estes fenómenos xeográficos.

O característico ver no monte o típico pinho acompañado das máis diversas especies vexetais que inculcan un aroma no ar moi característico do noso país. Esta paixase foi infinidade de veces tema de numerosos e famosos pintores que tiveron motivo de inspiración en tal paixase.

As montañas redondeadas ofrecen un inmejorable habitat ás distintas especies animais. É típico o clima non moi húmedo non moi seco completamente ideal para todo tipo de vida. Contrásta-se o tipo de montaña que hai nas duas mareas do país. A dureza incommensurable das montañas de Lugo case sempre cubertas de neve e as suaves colinas da costa cun clima satisfactorio para os exímios humáns.

Para o viaxeiro que ven do alén das nosas fronteiras aparece-se-lle unha terra bondosa donde medran todas as plantas sen ningún tipo de coñade especial.

Un tema de moita actualidade é a sequía. En Galiza isto é unha completa ironía. Pola situación xeográfica quedamos á intemperie dos máis diversos frentes cargados de nubes que descargarán o seu contido sobre nós, facendo unha atmósfera benigna para a vida. Trásladámolo para o campo. A paixase segue sendo moi especial. É típico ver a población rural traballando e sacando o proveito dos diversos produtos que o campo ofrece. Esta é a única fonte de vida que para esta xente lles queda.

A urbanización de grandes extensións do campo galego está acabando coa paixase quedando reducida á mínima expresión natural que é a cidade. Pouco a pouco grupos ecoloxistas veñen defendendo os mínimos dorcitos do home. Isto non é un problema da paixase galega únicamente senón de toda a paixase en xeral.

E a parte máis representativa con que se pode relacionar Galiza é o mar: abundantes playas, rias características, nas que parece que Deus puxo os dedos. O azul do mar é tema central da nosa bandeira e contrasta co verdor das nosas costas ofrecendo ao turista unha inmejorable paixase.

Resumindo podemos dicir que o paraíso pudo e pode estar en Galiza.

Antonio Fernández Díaz. 1ºC

A PAIXASE GALEGA

A paixase máis fermosa é a do Galiza. Terra para dentro ou á veira do mar, a paixase non un fallo ten que dar. A árbore máis pequena fai dun campo a cousa máis bella. Os prados, os ríos, as legoas, o mar, todo é bonito e fermoso, e que nadie a elas nunca se queira comparar. As catro provincias galegas forman un puzzle entre elas e, se algúns díos unha delas se separara, nunha outra vez Galiza será. Todo o que vemos na paixase: carballeiras, pinos, eucaliptos, toda a pureza lle dan, porque non creo que haxa cousa tan pura, non no Congo, América ou Portugal. Pero, ao parecer agora con elas querer acabar, con minas, serradoras e presas, perodqué é iso, ou, é que a Galiza to-

do lle queren quitar? Empecemos nós a respetalo e así todos a respectarán, e aquel que non a respeite, coa forza que temos os galegos nos máns, si a respectarán. Que non se metan nella os extranxeiros, senón con elas respeitarán, o que se meta que ande con moito cuidado, e sempre, sen a manchar. Que nos deixen pacar os vcas nos prados, que nos deixen cantar os pombos, e os pescadores tranquilos pescando en alta mar, porque a nós, os galegos, parece que nos tratan de pailás. Se nós non ~~xxx~~ defendemos a paixase, ela xa se defenderá, e, así nós collemos exemplo dela e nunca a deixaremos pisar. Tamén a fauna fai que a paixase sea bela. O máis pequeno carrizo, ou a abella

máis pequena que hai, se un a logo
os ve mover xa dí: "a paisaxe de Ca- liza nunca morrería". Outra paixase-
moi bonita son as repazas de Gaiza,
que nuncas feas sordán.

Ximol Antol Espillears Cainzos. 1ºC

DITAGACIONES

Nunha época que todo ser ente, cabrito, ou máñin nun lugar situado entre as catro provincias galegas e "o curto fronteiro" cois castros, había un pobo, unha gran vila, a metrópolo daquela zona, nada máis, nada menos que 500 habitantes repartidos en 100 casas e dous bandos: os partidarios do gallego, todos labregos con Xan Pericín como comitán, mozo forte, garrido, traballador e honrado, e decir q' "chico" do conxo. Polo outro bando, estaban como é lóxico os "maus" do conto, e por tanto os que coibían que a fala galega era símbolo de inferioridade. Eran os seus dirixentes: o alcalde, señor maior que de nenho andaba por carreiras e corredoiras conducindo carros de bois, e logo fóra-se a refinar á capital. O mostre: Gostaba-lle moito mazar cunha bara de toxo nos cativos. Só lles daba cluse aos cativos que falabán castelán. O crego: con larga panza e cortas ideas. O guardacivil: cun grande mostacho e unha longa porra. O boticario, bello moi emblemático para o que non lle tiña conta, e un lote de caciques máis.

O pobo chamábase "Vilanova do Conde-Nado" e os seus habitantes estaban completamente nivelados: 250 de cada lado. Tal era o equilibrio que había, que si algúón do bando gallego via que unha do bando contrario estaba preñada xa se poñía coa sua parella a fabricar outro neno.

Todos os días había sanguentos enfrentamentos nas rues da vila. Os que falaban castelán usaban pedras e pedruscos "Made in USA" e os que falaban gallego as usaban "Made in URSS".

No meio dos dous bandos había un muro moi grande e moi forte. Chamábase "O muro da vergonxa gallega". Certo día chegou á vila, via aérea: Alvedro-Vilanova do Conde-Nado un señor moi importante. Percorrrera moio mundo e parte do extranxeiro.

O avión aterrizou na parte dos partidarios do castelán. Arriaron a escala feita de catro tibores á porta do avión, sae o visitante todo traxeado con paraguas, e con gafas de sol. Era o Conde-Nado.

-E uenos días le scan dados -Dixo o alcalde-

-B os días serán pri vostedo, porque pra min... Tiven que aturar catro horas do voo e cinco de coche.

Ouviuse un murmurio por atrás. ¿Qué pasaba? O invitado de honor, falaba gallego. Os caciques sentironse avergonzados. Dende aquel momento e gracias ao Conde-Nado todos os habitantes da vila falaron gallego.

Ese mesmo día foi tirado "o muro da vergonxa gallega".

José Isidro López Yáñez, 1ºB

PERSONAXES DA LITERATURA ARTURICA EN GALIZA

Aquel dia foi moi sonado en toda Galiza, mais sobor de todo na corte

Aquel dia foi moi sonado en toda Galiza, mais sobor de todo na corte de Romualdo III de Parga e en toda Parga. A corte de don Romualdo estaba moi engalanada e moi riseira, chea de ledicia, xa que ia acontecer unha cousa inaudita naquelas terras. Asegun decian ia-se reunir ali unha corte. Unha corte de Inglaterra, más propriamente de Camelot. Ia se xuntar ali o rei Artur, a sua dona, dona Xinebra, e os cabaleiros da Táboa Redonda, que asegun decian as crónicas se sentaban ao redor dunha táboa redonda unhas horas ao dia para falar dos problemas que afectaban á corte e ao pobo; e que estaban encarregados de conquistar o Santo Graal, que era un vaso de prata no que contaban as lendas que Xesús celebrara a Eucaristia.

Tamén contaban os mensaxeiros que o motivo da viaxe era regalar-lle a don Romualdo unha máquina que inventara un tal Merlin, que era un mago moi sonado na Inglaterra, máquina que se coidaba que ia revolucionar perto o mundo enteiro.

O dia sonado chegou, e a comitiva entrou no pazo de Parga con toda a pompa e voluptuosidade própria dos habitantes da Inglaterra, e dos recibidores galegos.

Cando eu vin que a comitiva xa estaba ben asentado no pazo intentei meter-me dentro, mais a guárdia era moi basta, e non había maneira de entrar sen permiso, ou sen ser atravesado por unha lanza.

Na porta principal había tres gardas: dous apegados á porta e outro un pouco máis adiante, moi ben vestidos cos seus calzóns, cons suas capas bermellas de rasq e cos seus zapatos de fivelas. O que estaba só, uns pes separalo dos outros, tiña unha lanza moi extraña. Antes do propio coitelo da lanza, o mango rematoba en forma de báculo, chubas cinchas penduradas, debio de ter vínte, de diferentes cores.

Eu acheguei-me a él e dixen-lle que me deixase pasar, que eu era un cabaleiro de don Romualdo, más él non fixo caso das miñas argumentacións.

-Don Romualdo está agora falando co rei Artur de Bretaña no salón maior do pazo -dixo-me él- vostede non poderá pasar sen un permiso especial do rei ou sen as señas do pazo.

-E pode-se saber cais son esas señas? -repriuci-lle.

-Se vostede -dixo él- é un cabaleiro do rei xa o ten que saber, mais por se non o sabe direi-lle que son tres: "unha representa o céo, outra a terra, e a terceira o sangue derramado na conquista destas terras e na construción do pazo".

-Bon, pois senón paso polas boas, pasarei polas más.

-Polas más non pasará... -dixo-me poñendo-me a lanza no peito.

Eu nun revís le caraxe arranxei-lle coas cinchas, e cal non sería a miña sorpresa ao ver que me quitaba a lanza do peito e me decia:

-Pode pasar vostede, meu señor, acaba vostede le arranxar coas señas do pazo, a cincha azul é a do ceo, a verde a da herba da terra e a bermella a do sangue derramado.

Os outros dous gardas franquearon-me a entrada e entrei. Pasei por un lote de pasillos e de salas até que cheguci no salón principal. Ali estaban parolando sentados darredor dunha mesa redonda, galantez feita polo meu rei ao rei da Bretaña e aos seus cabaleiros, todos estes citados.

Enriba da mesa había unha máquina duns tres pes de alto por dous de ancho cunha grande roda na cima que andaba cara a un lado mais non cara ao outro. Tiña un cristal semiesférico diante a a travís del padianse ver uns números todo ao redor, e duas bariñas, unha más longa que a outra. Eu, nas miñas viaxes ao extranxeiro xa vira na Francia un, e outro na Inglaterra. Por iso sabía que se trataba dun relóxio de corda que viña a sustituir aos de area, ainda en vixéncia.

-Este -dixo o rei Artur- é moi práctico, xa que non terás que móvelo de posición catro vegadas ao dia, como de costume, senón que chegará con dar-lle darredor a esta cebola até que non ande máis, cada dous días.

-Moitas grácias -lixo o meu rei-. Se me da bon resultado xa che encarregarei máis, para pór por todo o pazo.

-A nós polo menos deu-nos-lo d-dixo dona Xinebra- pelemos saber perfectamente a hora de comer, a le xuntar-se os cabaleiros, e mcitas cousas más.

-Don Romualdo -chamei eu-, non aceite ese relóxio.

-Seica tolea-che -dixo el-. Como non vou aceitar un presente do rei Artur de Camelot la Inglaterra.

Non o aceitei -repriquiéi-lle-, non lle vaía pasar como ao rei don Xan de Francia, que se lle morreron tolos os cabaleiros cos que estaba reunido parolando, xa que se lle averiu o relóxio de corda e non deron saído dali pensando que ainda non era hora. E como son moi fieis ao seu horario morreron todos menos o rei, que comeu unhas nozes que levaba no peto, xa que lle gostan moito.

-Que me dis? Foi certo iso?

-Máis certo que que estou eu aqui -respestei-lle.

-Morte horribel levaron os probes. Arturiño, non che vou poder aceitar o presente, mais se se comproba que non son tal e como di o meu cabaleiro, aceitarei-cho gestoso, pedindo-che mil perlóns por ter-cho rexeitado.

-Non importa -dixo Arturo-. Desprimo os teus sentimentos. E agora vamo-nos
meus cabaleiros, que xa se nos fai tarde e temos que estar dentro dunha sema-
na ás seis da tarde e claramente aí non ten a do "Áboa Redonda".

"LOS HOMBRES SABIOS"

... o certo é que
moitos quererían
que Galicia
segura sendo
a cincuenta
das Españas
someterles
pra falar
mal do
níxume



PRODES HOMES...
OS QUE IBAÑ PARA "LUMBREIRAS"
E SE QUEDARON EN "CARAOIAS"

Nunha marcha que fixen, dende Segovia até o Escorial, falando á vez que andávamos sobre Rosalia de Castro, cun amigo, éste dixo-me que cecais non lle gostava o pouco que lera de Rosalia porque el non era galego, ante tal afirmazón a minha contestazón foi, cecais...

Nefento, Rosalia canta como galega, é a alma latexante dun povo complexo e fondo. Se miramo-lo sempre denje este punto de vista, é lóxico (sempre até certo punto) que "goste" máis, por exemplo Becquer que Rosalia.

Hai un poema en "Follas novas" moi interesante, no que Rosalia descreve as suas emozóns e as suas experiéncias, dentro do ambiente relixioso da catedral de Santiago. Referindo-se a este poema ("Na catedral") Emilio Castelar dixo: "Conhezo poucas emozóns más maxistralmente ditas que a despertado no seu corazón polo interior da catedral de Santiago". Emilio Castelar non era galego.

Se ten unha imaxe de Rosalia, como de artista provinciá ou rexional, de culto local, ante a cal, o entusiasmo rexional exaltou-na con toda clas de adjetivos hiperbólicos e divinos, e de ahí Rosalia non pasa.

Esta imaxe raquítica e absurda foi lanzada a bombo e platilho polas correntes antirrománticas da época. Porén Rosalia foi daan a conhecer e espalhada ao povo español e ao mundo por Unamuno e Azorín, e esto é moi posíbel, sobre todo se temos en conta a condición de non galegos dos devanditos escritores.

Coa xerazón do 98, Rosalia vai abrindo alfánegas e alfánegas no mundo literario do momento. Existen testemunhos elocuentes: teses doctorais sobre Rosalia na Alemania, U.S.A. e Holanda, traduzóns ao inglés, ao alemán e no italián, e en menor cantidade a outros idiomas, non poucas antoloxías e abondosas edizóns feitas fora de Galiza.

Ao meu entender, a obra fundamental de Rosalia é a devandita "Follas novas". Porén este tido xuvenil e ledo non ten nada que ver co senso de dor, desesperación, morte e soledade que Rosalia vai-lle dar. O enfoque de Rosalia nesta obra sorprende no leitor, que coida atopar unha poetisa ao feito e non un poeta como Rosalia. Ela mesma no comezo do libro explicita-no-lo:

"Follas novas, risa dame
ese nome que levás
cal si a unha mours ben moura
branca lle oise chamar.
Non Follas novas, ramallo
de toxos e silvas sós:

irtas como as miñas penas
feras, como a miña dor.
Sin olido nin frescura,
bravas magoás e ferís...
Se na gándara brofades
como non serés así".

Escrever en galego, para estar máis perto do povo, escrever na sua lingua nai, eso é o que Rosalia quer fazer, e quer-nelo fazer ver cos máis puros e nobres sentimentos humanos.

Dende a Edade Meia, o galego, como lingua escrita, estivera estivera esquecido, marginada da sua verdadera vena popular, non se escrevia en galego porque era de "Bajo rango".

Rosalía coa sua primeira gran obra "Cantares gallegos", racha cos moides e as ataduras lingüísticas castelás (ainda que non de todo) e invita a toda Hespanha, a que teneo en comprender a este Galiza marxinado secularmente. O idioma galego volta a vivir, en grande parte, gráciás ao miragre rosalián.

Mais voltemos á tristura de Rosalia. Voltemos ao esquecemento e á desesperación dunha mujer que respira fondo dende dentro do seu corazón: "Ai, a tristeza, musa dos nosos tempos me coñece ben e desde moitos anos atrás". Semelha como se Rosalia e a dor fosen dous irmáns inseparaveis: no seu poema "Unha vez tiven un cravo", Rosalia tentón arrincar un cravo do seu corazón e amosa-se impotente, pide-lle a deus axuda para pode-lo quitar, e cando logra por fin saca-lo, engade:

"... despois	souben só que non sei que me faltaba
xa non sentín mais tormentos	e onde o cravo faltou
nin-souben que era dolor	seica... seica tiven soildades
	daquela pena..."

António Machado dirá vintatres anos despois:

"Aguda espina dorada
quién te pudiera sentir
en el corazón clavada"

Outro punto principal de "Follas novas" e que está relacionado cos anteriores é a "negra sombra" rosaliáma.

A negra sombra é a radical orfandade do ser, en xeito supremo. Esta negra sombra persegúera a Rosalia onde queira que ésta vaia, e esta sombra é capaz de transformarse en todo: froles, alboradas, árvores, estrelas, de chi que para Rosalia todas as cousas sexan motivo de sofrimento. O famoso poema de Rosalia, musicado polo compositor galego Xoán Montes, é do máis sublime que en poesía leim. Eis un anaco:

"Cando penso que te fuches
negra sombra que me asombras,
6 pé dos meus cíbezales
tornas facendome mofa".

E sobre todo:

"En todo estás e tiees todo
prá min i en min mesmo moras
nin me abandonarás nunca
sombra que sempre me asombras".

Marina Mayoral, nun extraordinario ciuro de estudo poético rosalián, clarexa-nos as notas definitórias da sombra neste poema.

1) A sombra fai-lhe bulra.

2) A sua omnipresencia: está en todas partes.

- 3)A sua omnieséncia: é todo
- 4)Vive en Rosalia, é dicer, non se identifica con Rosalia, mais está integrada no seu ser...)
- 5)Vive para Rosalia: subxetivismo
- 6)Acompanhará-la sempre: persisténcia, imposibilidade de sair, de fixar de ela.

Se nos metemos no terreo propriamente ideolóxico-político, en Rosalia non atoparemos nada, moi lonxe estaya Rosalia da política e os problemas da mesma. Mais Rosalia é ante todo, observadora subxetiva, o ve todo dende unha óptica moral, e non lhe importa este ou outro partido ou ideoloxía política, o que lhe importa a Rosalia son as reperCUSIóNS da mesma, na sociedade, na vida cotiá do povo galego. Un espírito tan sensível como o de Rosalia toca, ainda que indirectamente, no mundo da política do seu tempo (case semelhante ao noso actualmente), mais só ve os seus resultados, era aquela sociedade de desigualdades sociáIS, gober nada polo dinheiro, as suas consecuencias son para Rosalia: egoísmo, mesquindade, incomprendón para as tarefas fermosas e dignas do home. Rosalia considera a todos estes, verdugos, os verdugos da sociedade, os seus verdugos.

Rosalia adaptou todo esto a Galiza: "Libros enteros pudieron escribirse hablando del infortunio que aflige a nuestros aldeanos y marineros, única y verdadera gente que trabaja en nuestro país".

Destacantamén en Rosalia o seu noxo á "vida literaria" dos cafés, hacia a idolatria, hacia o non-saber masificador ("Aturde la confusa griteria"). A defensa da personalidade deixase ver gramamente na suapoesia:

"Yo prefiero a ese brillo de un instante
la triste soledad donde batallé
y donde nunca a perturbar mi espíritu
llega el vano rumor de los aplausos"

"En las orillas del Sar"

Outro belido poema seu de tono moralizante, con exaltación da austeridade e a probeza, ante o luxo e a vida aburguesada:

"Yo en mi lecho de abrojos
tú en tu lecho de rosas y plumas,
verdad dijo el que dijo que un abismo
media entre mi miseria y tu fortuna.
Mas yo no cambiaría
por tu lecho mi lecho,
pues rosas hay que manchan y emponzoñan
y abrojos que, a través de su aspereza
nos conducen al cielo"

"En las orillas del Sar"

O ceo, Deus, a fe, a relixiosidade, que grandes temas para Rosalia!. Deus é o criador da beleza, repartidos de xustiza, Deus compadece-se das misérias humanas. De novo M. Mayoral reduce-nos a un esquema este punto vital en Rosalia:

1) Hai dor no mundo, mais Deus compadece-se do home, remedia-o e recom pensa-o na outra vida.

2) Hai dor e o home rebela-se, mais o exemplo dun Cristo sófrinte e a vaga esperanza dunha vida melhor serven-lhe dé consolo.

3) Hai dor e nada xustifica-o, o home é un ser desciñadoreamente só e dolorido.

A imaxe de Sta. Escolástica produce en Rosalia unha emozón artístico-relixiosa:

"Y orando y bendiciendo al que es todo hermosura
se dobló mi rodilla, mi frente se inclinó
ante él, y conturbada, exclamé de repente:

¡Hay arte! ¡Hay poesía!... Debe haber cielo. ¡Hay Dios!

Son abondosas as descripcións de paisaxes ou as referencias á natureza na obra rosaliá. Compre destacar que a natureza de Rosalia non é a natureza en xeral, senón a galega, principalmente. O sentimento da natureza e o sentimento da terra é imposíbel separalo. Rosalia ama, por riba de todo, a "sua" natureza, a Galiza.

Castela é a gran nemiga de Rosalia, en contra de ela embiste a Galiza, compara os desertos daquela cos verdes prados e montes salvaxes desta.

O rocío que cae na nitinha do verán, nubens ao solper, árbores verdes, sombras frescas, son herencias creras do seu primeiro romanticismo ("La flor").

Do mesmo xeito que Machado ama no seu Guadarrama, Rosalia ama ás árbores: os pinheiros e sobre todo as encinas e os carvalhos que para ela simbolizan o maxestoso pasado de Galiza=

"Pero tú, sacra encina del celta
y tú, roble de ramas añosas
sois más bellos con vuestro follaje
salpicadas de fresco rocío
donde quiebra sus rayos la aurora,
y convierte los setos profundos
en mansión de gloria"

"En las orillas del Sar"

Comprendemos perfectamente porque Rosalia rexeita a Castela neste aspecto, pois Castela é a sequedade e o calor, a monotonía, o tédio... Rosalia prefire refuxirarse nos seus carvalhos, lhe arrolla a atmósfera candente, a auga insoluvre e o silencio monótono. Rosalia, a pesares de todo prefire o invernal, o barulho da choiva e vento, as paisaxes grises,


dente, a auga insolusolubre e o siléncio monótono. Rosalia a pesares de todo prefire o invernal, e o barulho da chiva e o vento, as paisaxes grises, como Pio Baroja nas suas "Vidas sombrías", e con estas paisaxes pretende-nos comunicar a sua tristura, a sua lori.

En cante nos animais, os paxaron son os máis repetidos nos seus versos, e si gnifican a ledicia e o sosiego.

Estreveria-me a dizer que o amor de Rosalia polos seus bosques, os seus montes, as suas alboradas, amosa-nos tamén outro amor, o da terra onde naceu. Cando ela chora sofre, entristeze-se, o primeiro campo onde reflecta os seus sentimentos é o da natureza.

Seria moi longo para un artigo seguir falando e falando de mil e unha cousas más, coido que como galego cumprin a minha misión de me acercar á nosa alma interior, en conhecer un pouquinho más a un dos meirandes poetas do mundo. E quero tenzoar rematar este artigo, para intentar acercarnos más ao ambiente de Rosalia, cun cadro, por medio do cal comprehendemos-los seus temas, ós veces ledos, outras veces tristes. Linda negra, como a sua sombra: imaxinemos-nos pois unha casa tradicional galega, de pedra, cos seus marcos e balcons típicos da bisbarra, de madeira, con enredadeiras cobrindo algo más da metade da casa, un dia grisáceo, con numeros cor plomo; chove a cito. Dentro da casa, unha dona, a carón da feira, na tabla, fica olhando cara ao exterior coas fenestras abertas de par... Está só na sua habitación, no lonxe se ouve o chiar dos carros de bois, pesados, pola lama, no baixo da casa, debilmente deixánse ouvir os diálogos dos seus fillos, como os de todos os rapazes nun dia de chovia, así durante horas e horas, e a chuva non deixe de cair.

CARLOS ALEXANDRO COLMENERO CAL.



- Yo pongo aquí la necesidad de saber algunas cosas
- Es que las personas no se sienten en los demás